

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE MARZO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00012642T.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 18 de febreiro de 2022.
- Ordinaria de data 21 de febreiro de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 24 de febreiro de 2022.
- Ordinaria de data 28 de febreiro de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 1 de marzo de 2022.
- Ordinaria de data 7 de marzo de 2022

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020618E.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder á Consellería de Sanidade licenza para o proxecto básico asinado na data 04/05/2021 (cun orzamento de execución material de **2.604.347,52 €.**) de reforma do Centro de Saúde e unidade mental de Conxo situado na Praza Martin Herrera 2 N2-4 Santiago de Compostela (A Coruña).

O tipo de actuación previsto é de obras de Rehabilitación (art. 124 do PXOM). Polo tanto, a intervención a realizar está encamiñada ao mantemento das condición de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade da edificación, conforme co artigo 9 (“Deberes de uso, conservación e rehabilitación”) da “*Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro e da Lei 6/2008, do 19 de xuño*”.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00039920G.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado na data 17/08/2021, cun orzamento de execución material de **457.514,72 €**, a rehabilitación integral do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei sito no Lugar Esquipa, Santiago de Compostela(A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00042286R Denegación licenza de parcelación.

Acórdase denegar licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 20/09/2021, a parcelación na Rúa Vencello, Santiago de Compostela (A Coruña), xa que as parcelas de resultado propostas non dá fronte á aliñación.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058732W.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 22/12/2021, cun orzamento de execución material de 10.230,00

€, a construción dunha piscina de uso privado e edificación auxiliar destinada a garaxe na Rúa Muiña nº 31, Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/585/2019.

Licenza de obras de rehabilitación e ampliación de edificación destinada a hotel na RÚA GÓMEZ ULLA, 3.

Acórdase CONCEDER a MANUEL JOSÉ VILLAVERDE GARCIA Y OTROS, CB, licenza de obras de reforma e ampliación de edificación para hotel e aparcamento na RÚA GÓMEZ ULLA, 3, segundo Proxecto básico e anexo 4 con data de rexistro de de 18/12/2019 e 03/03/2022, cun orzamento de execución material de **4.500.000 €**.

As actuacións consistirán en rehabilitación e ampliación de edificación para hotel de 10 plantas, catro baixo rasante e seis sobre rasante (4S+B+4+BC), cunha superficie construída de 9.432,94 m², ocupación en planta de 1.730,01 m² e altura de 15,75 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2 de Cuarteirón do PXOM.

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00029334K.

Licenza de obra nova para construción de nave industrial e oficinas na rúa de Estremadura, 3.

Acórdase CONCEDER a TASGA RENOVABLES, SL. licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial e oficinas na RÚA ESTREMADURA, 3, parcela E2c04 do polígono da Sionlla,

finca rexistral nº 58221, segundo Proxecto técnico visado polo COAG con data de 19.05.2021 e anexo con data de rexistro de 30/09/2021, cun orzamento de execución material de **908.253,84 €**, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán nave comercial e de oficinas de dous plantas cunha superficie construída de 1.713,03 m², ocupación en planta de 1.059,07 m² e altura de 8,80 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza *Ordenanza 2. Edificación adosada en esquina, Variante 2.B do Proxecto sectorial da Sionlla.*

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020872T.

Corrección de erro no PCAP do expediente Execución das obras definidas no proxecto denominado "Remate do tratamento arquitectónico do límite leste da alameda (Muro do Pombal Fase I)" aprobado por Xunta de Goberno do 30 de agosto de 2021.

Acórdase corrixir o Prego de cláusulas administrativas particulares do expediente **Execución das obras definidas no proxecto denominado "Remate do tratamento arquitectónico do límite leste da alameda (Muro do Pombal Fase I)."**, aprobado pola Xunta de Goberno do 30 de agosto de 2021, de forma que no citado Prego:

Onde dí:

"Os datos necesarios para poder completar o proceso de rexistro das facturas electrónicas son os que seguen:

| OFICINA CONTABLE | ÓRGANO XESTOR | UNIDADE TRAMITADORA |
|--|---|---------------------|
| GE0001959 INTERVENCIÓN MUNICIPAL | L01150780 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | CX15 |

Debe decir:

“Os datos necesarios para poder completar o proceso de rexistro das facturaselectrónicas son os que seguen:

| OFICINA CONTABLE | ÓRGANO XESTOR | UNIDADE TRAMITADORA |
|----------------------------------|--|-------------------------------|
| GE0001959 INTERVENCIÓN MUNICIPAL | L01150780 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | GE0016523 CX09. VIAS PÚBLICAS |

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051718A.

Aprobación do expediente denominado “Servizo de ASISTENCIA ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN do proxecto SMARTIAGO cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) “, apertura do procedemento de adxudicación e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Servizo de ASISTENCIA ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN do proxecto SMARTIAGO cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) “e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **47.108,07 euros** (38.932,29 euros, + IVE 21% que ascende a 8.175,78 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 (código de proxecto: 2018 2 TIAGO 27 1 PROXECTO SMARTIAGO.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037882J.

Adxudicación da Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Alfredo Vicenti, á empresa JUEGOS KOMPAN, SA.

Acórdase adxudicar o contrato que ten por obxecto, a *Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Alfredo Vicenti*, á empresa JUEGOS KOMPAN, SA, por un importe total de **77.883,30 euros** (Base imponible: 64.366,37 euros, IVE do 21%:13. 516 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo compromete unha ampliación de prazo de garantía obrigatorio de 5 anos.

A supervisión e control deste contrato corresponde a Dirección de Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos Comunitarios, que asigna este cometido ao xefe de Parques e Xardíns.

Tamén se acorda comprometer o gasto que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190001 2021 2PARQU 6 conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: 77.883,30

11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009063B.

Renovación Autorización Venda Ambulante – Artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por J. D. A. G. E proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

12. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009051E.

Renovación autorización venda ambulante – artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por C. C. S. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA, da que é titular.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009280K.

Renovación autorización venda ambulante Artesanía (Fotografía).

Acórdase acceder ao solicitado por J. G. F. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008252M.

Renovación Autorización Venda ambulante ARTESANÍA.

Acórdase acceder ao solicitado por M. L. L. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009037P.

Renovación Autorización venda ambulante – Artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por R. P. F. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA, da que é titular.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008239S.

Renovación autorización venda ambulante – artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por R. M. D. L., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008249W.

Renovación autorización venda ambulante – artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por B. A. L. G. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008257X.

Renovación autorización venda ambulante artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por M. C. I. M., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

19. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008230Y.

Renovación autorización venda ambulante – Temporada (xeados e castañas).

Acórdase acceder ao solicitado por O. A. S., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA (Xeados e castañas), da que é titular.

20. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00012579Y.

Aprobación do programa de conciliación de Semana Santa 2022 no Espazo educativo e de lecer María Miramontes: procedemento de alta e acceso, prazos de inscrición e gratuidade do programa.

Acórdase:

1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.

2.- Aprobar o procedemento e prazos de inscrición para o programa de conciliación de Semana Santa no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes; que se establece entre o 15 e o 21 de marzo (ambos os dous incluídos)

3.- Aprobar a gratuidade do programa.

Ofértanse un total de 73 prazos: 10 para nenos e nenas de 3 anos; 35 para menores de 4, 5 e 6 anos; e 28 para cativos de 7, 8, 9, 10, 11 e 12 anos.

O programa de conciliación levarase a cabo o 11, 12, 13 e 18 de abril de 2022, en horario de 07:45 h, a 15:00 h.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00011877V.

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 259/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1.

Dase conta da sentenza nº 066/2022.

Demandante: Urban Portfolio Inmobiliario SL

Obxecto: providencia de prema e requirimento de pago 20/2016, derivada das liquidacións xiradas en concepto de ICIO.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación.

O xulgado estima parcialmente a demanda, pero non polos argumentos expostas nela; senón porque con data do 13.10.2020 foi ditada sentenza polo TSX de Galicia, estimando parcialmente a demanda, anulando a liquidación xirada e ordenando a emisión de nova liquidación complementaria; é dicir, que tiña desaparecido o obxecto do que traía causa a providencia de prema.

Por estas razóns, a estimación parcial non implica condena en custas contra o Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de Recadación executiva para o seu coñecemento e execución.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00011860T.

Dación de conta da sentenza recaída no PO 66/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 020/2022

Obxecto: arquivo expediente DIS/245/2018.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante viña de denunciar –e demandar contra o arquivo- o uso como vivenda do sobrado sobre a súa; ademais de empregar aquel o desaugue de pluviais para o fregadoiro, provocando atascos de auga e humidades.

A sentenza rexeita o recurso.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 01.03.2022, confírmase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00011862W.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 72/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 023/2022

Demandante: Urbanizadora Landeira SL

Obxecto: denegación da licenza de legalización de obras para destinar un semisoto a vivenda.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante recorre a denegación da licenza para legalizar as obras executadas nun semisoto no nº 11 da rúa Tras do Pilar. Como di a sentenza, o proxecto licenciado recollía que o semisoto sería destinado a oficinas. Pero segundo a demandante, o espazo foi habilitado como vivenda, e así aparece no Rexistro da Propiedade e no Catastro; aínda que recoñecendo o seu perito que, por problemas de titularidade, nunca foi aplicado a tal fin.

A sentenza acolle todos os argumentos municipais, rexeitando os da demandante:

1. O proxecto foi licenciado en 1978, recollendo no semisoto o uso de oficina. Este é o título habilitante, e non o reflectido no Rexistro da Propiedade ou no Catastro. E non consta solicitude de cambio.
2. Non hai proba que demostre o uso como vivenda dende 1980, ano de finalización das obras. Antes ben ao contrario, o informe do perito contradí dita afirmación. Polo tanto, non pode falarse de “mantemento do uso preexistente”.
3. O correcto tivera sido instar o cambio de uso do semisoto, de oficina a vivenda.

Por último, a demandante cuestionaba que se lle ordenase retornar ao estado anterior, atendendo ao principio de proporcionalidade. Esta última pretensión tamén é rexeitada: aquela asumiu o risco das obras ao executalas sen título habilitante; e incluso continuou coas mesmas unha vez incoado expediente.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 02.03.2022, confirmase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00011810L.

Dación de conta da sentenza recaída no PO 68/2021 CA1.

Dase conta da sentenza 26/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra resolución que concede licenza de obra para a construción dunha residencia canina.

A sentenza que é firme é favorable aos intereses municipais pois desestima o recurso contencioso-administrativo e recoñece a conformidade a dereito da resolución impugnada.

A sentenza asume todos os argumentos esgrimidos pola defensa do concello. En primeiro lugar estima compatible o uso de residencia canina en solo rústico de protección agropecuaria en base ao disposto nos artigos. 34 e 35 da Lei 1/2016 do 10 de febreiro (de contido idéntico ao 33.2 da antiga LOUGA 9/2002 e á vista sentenza doTSXG 588/2019 do 21.11.2019 que resolveu un suposto similar.

En segundo lugar, respecto á indefensión invocada entende que o obxecto da licenza era claramente unha residencia canina, que a confusión na denominación veu motivada pola propia recorrente e que ésta era perfecta coñecedora do informe da Consellería de Medio Rural polo que puido realizar as alegacións que estimase oportunas, non resultado xustificada indefensión material ningunha.

Contra a sentenza non cabe impoñer recurso ningún. Impóñense as custas á reclamante cun máximo de 700 euros.

Acórdase:

- 1-Tomar coñecemento da sentenza.
- 2-Remitir ao Departamento de licenzas-disciplina para os efectos do seu coñecemento.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00011818G.

Dación de conta do auto ditado no PA 414/2021 CA1.

Dase conta da resolución do Auto 20/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Obxecto: Terminación do procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente.

O auto que é firme-*segundo Dilixencia de ordenación do 28.02.2022*-declara terminado o procedemento por recoñecemento total na vía administrativa das pretensións da recorrente, en aplicación do artigo 76.1 da LXCA, e arquiva as actuacións, previa anotación no Libro rexistro correspondente.

Contra o Auto, que é firme non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir ao Departamento de Tesourería-*Catastro e censos*-para os efectos da súa execución.

26. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00012642T.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 4 ao 10 de marzo de 2022.

URXENCIAS

27. Proposta de acordo para a aprobación do proxecto “Estratexia de Infraestrutura Verde para Santiago de Compostela – Entre Sar e Sarela”.

Primeiro. Aprobar o proxecto “Estratexia de Infraestrutura Verde para Santiago de Compostela – Entre Sar e Sarela”.

Segundo. Acordar a participación con este proxecto e a aceptación do procedemento regulado na Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase a convocatoria correspondente ao ano 2021.

Terceiro. Acordar o compromiso de que o Concello disporá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade e asumirá todas as obrigas establecidas no artigo 3 da Orde.

Cuarto. Acordar o compromiso da obriga plurianual do gasto conforme ao recollido no proxecto “Estratexia de Infraestrutura Verde para Santiago de Compostela – Entre Sar e Sarela”, coa seguinte distribución anual:

| Solicitude convocatoria Fundación Biodiversidade : ENTRE SAR E SARELA, INFRAESTRUCTURA VERDE DECOMPOSTELA | | | | | | |
|---|----------------------|----------------------------|----------------|--------------------|--------------|-----------------------------|
| ANUALIDADE | COSTE TOTAL ELEXIBLE | FINANCIAMENTO FB / NextGEN | FONDOS PROPIOS | IVE FONDOS PROPIOS | TOTAL | TOTAL, FINANCIAMENTO PROPIO |
| 2022 | 141.666,67 | 134.583,34 | 7.083,33 | 29.750,00 | 171.416,67 | 36.833,33 |
| 2023 | 1.295.379,06 | 1.230.610,11 | 64.768,95 | 272.029,60 | 1.567.408,66 | 336.798,56 |
| 2024 | 2.125.074,93 | 2.018.821,18 | 106.253,75 | 446.265,74 | 2.571.340,67 | 552.519,48 |
| 2025 | 542.379,34 | 515.260,37 | 27.118,97 | 113.899,66 | 656.279,00 | 141.018,63 |
| TOTAL | 4.104.500,00 | 3.899.275,00 | 205.225,00 | 861.945,00 | 4.966.445,00 | 1.067.170,00 |

27. Aprobación do expediente denominado “Prestación do servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.” apertura do procedemento de adjudicación e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Prestación do servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.” e a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **199.981,62 euros**. (165.274,07 euros, IVE aparte + 21% que ascende a 34.707,55 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 15100 2270600 (Código de Proxecto: 2017 3 EDUSI 4 2 actuacións en urbanismo) dos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela nos anos 2022 e 2023 coa seguinte desagregación:

Anualidade 2022 (6 meses): 99.990,81 euros.

Anualidade 2023 (6 meses): 99.990,81 euros.

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Este proxecto está cofinanciado polo PO FEDER 2014-2020 nun 80 % dentro do OT 9 da EDUSI "RE-VIVE". Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.